

## ANUNCIO DE LICITACIÓN

De conformidade co Acordo alcanzado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 5.12.2016, por medio do presente anuncio faise pública a convocatoria para a licitación do contrato de obras denominado “Separata do Proxecto da Estación Depuradora de Augas Residuais e Bombeo Saída Río Cabe (1ª fase) da Área Loxística e Intermodal do Porto Seco de Monforte de Lemos”

1. **ENTIDADE ADXUDICADORA.**
  - a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
  - b. Dependencia tramitadora: Secretaría- Servizo de Contratación.
  - c. Número de expediente: 020-OBRPA16
  
2. **OBXECTO DO CONTRATO.**
  - a. Descrición do obxecto: na Separata do Proxecto recóllense as obras correspondentes á 1ª fase das obras e aquelas obras accesorias, como un muro de dique separador, para facilitar a futura implantación dun novo tanque prefabricado (planta integral) en paralelo para unha futura ampliación (2ª fase) da EDAR.
  - b. División por lotes: non.
  - c. Prazo execución: 3 meses desde a sinatura da acta de reformulo da obra.
  - e. Admisibilidade de prórrogas: non procede.
  - f. CPV: 45232421-9.
  
3. **TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.**
  - a. Tramitación: ordinaria.
  - b. Procedemento: aberto.
  - c. Criterios de adxudicación: pluralidade de criterios (cláusula 13ª do PCAP).
  
4. **ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.**
  - a. Orzamento base de licitación: Importe neto: 238.000,00.-€. Importe total: 287.980,00.-€
  - b. Valor estimado do contrato: 238.000,00.-€.
  
5. **GARANTÍAS ESIXIDAS.**
  - a. Definitiva: 5% do importe de adxudicación do contrato, IVE excluído.
  
6. **OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN.**
  - a. Perfil do contratante: [www.concellodemonforte.com](http://www.concellodemonforte.com)
  - b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.
  - c. Enderezo: Campo de Santo Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).
  - d. Teléfono: 982.402.501 (Exts.-260-262).
  
7. **PRESENTACIÓN DAS OFERTAS.**
  - a. Data límite de presentación: Ata as 14:00 horas do vixésimo sexto (26) día natural contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.
  - b. Documentación que se debe presentar: a sinalada na cláusula 12ª do PCAP.
  - c. Lugar e forma de presentación: as proposicións presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo Antonio

s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO), en horario de 9.00 a 14.00 horas. Se o último día de prazo finaliza en sábado, domingo ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos que non poderá ser posterior ás 14:00 horas e anunciar ao órgano de contratación, no mesmo día, a remisión da oferta mediante Fax (núm. 982.40.48.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

**8. APERTURA DE OFERTAS.**

- a. Segundo o establecido na cláusula 15ª do PCA

**9. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA.**

- a. Clasificación (grupo, subgrupo e categoría): segundo o establecido na cláusula 10.4 do PCAP.
- b. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: segundo o establecido na cláusula 10.3 e 4 do PCAP.

**10. GASTOS DE ANUNCIOS.**

- a. Serán pola conta do licitador que resulte adxudicatario até o límite máximo de 600,00.-€, distribuído en proporción ao orzamento base de licitación de cada lote.

Monforte de Lemos, 5 de decembro de 2016.- O Alcalde, José Tomé Roca.

